

CAMPAMENTO XUVENIL VIRXE DE LORETO (PORTO DO SON)

DATOS XERAIS: Recinto situado á beira do mar, con capacidade para 150 prazas en tendas de campaña. Comedor cuberto, servizos hixiénicos completos e enfermería. Pista polideportiva.

ACCESOS: A 2 km de Porto do Son, na estrada de Noia.

ENDEREZO: **CAMPAMENTO XUVENIL VIRXE DE LORETO**
A Aguieira – Porto do Son (A CORUÑA)
Tfno.: 981 767 587

ACTIVIDADES E QUENDAS

QUENDA	ANOS DE NACEMENTO	DESCRICIÓN ACTIVIDADES
01-12 xullo	00-01	Nesta instalación a natureza ofrécenos un marco incomparable para levar a cabo todo tipo de actividades náuticas e físico – deportivas. Por iso che propoñemos actividades náuticas e actividades de natureza que se verán complementadas con visitas e excursións para coñecer outros lugares. O obxectivo básico é pasalo ben gozando do mar e do campo, xunto con outros mozos e mozas, nunha experiencia de convivencia en medio da natureza.
17-28 xullo	97-98-99-00	
02-13 agosto	00-01	IMPLÍCA-T Neste campamento participarás activamente, a metade da xornada, en actividades de voluntariado ambiental e de emprendemento práctico e participativo nos sectores produtivos tradicionais, aproveitando os recursos da zona, o que che aportará unha formación en valores. Tamén haberá actividades de lecer, algunhas náuticas que complementan ás primeiras.

NORMAS XERAIS:

- Os participantes estarán atendidos permanentemente por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades de tempo libre.
- Ningún participante poderá abandonar o centro sen autorización expresa do director da actividade, e sempre acompañado dun adulto autorizado (**persoa que firmou nos papeis de inscrición**), no caso de non poder estar presente este, a persoa que efectúe a recollida deberá achegar a fotocopia do DNI de quen autoriza (**persoa que firmou nos papeis de inscrición**) e do autorizado así como o impreso de autorización que lles será facilitado polos monitores o día da recepción.
Prégase non facer visitas de non ser necesario, co fin de non interferir no desenvolvemento das actividades.
- Poderase contactar co equipo de monitores no teléfono **981 767 587** de **15.00 a 15.45 e de 21.45 a 22.15 horas**. Neste tempo haberá unha persoa para recoller os avisos e para atender as consultas. Os participantes poderán chamar por teléfono no tempo libre despois do xantar. O centro conta con cabina telefónica

4. O centro ten atención sanitaria. Os participantes deberán levar **as tarxetas sanitarias orixinais**. O día da incorporación débese comunicar ao persoal técnico da actividade os medicamentos en caso de tratamento específico que estean a tomar, así como as alerxias, doenzas, ou calquera outra incidencia que se considere de interese.
5. Recoméndase que non leven obxectos de valor, nin grandes sumas de diñeiro. Organizarase un “banco” onde os participantes poidan depositar os seus cartos e tamén os teléfonos.
6. Aconséllase levar a roupa marcada coas iniciais.
7. Na páxina Web www.xuventude.net no apartado de anexos, descargarse a **autorización de fotografías** que se entregará cuberta o día da incorporación.